

Bases

# Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ / UDC



Centro  
de Arte  
FMJJ



## Bases

O Centro de Arte Fundación María José Jove reforza, a través deste programa, os seus obxectivos fundacionais ligados á formación e á promoción da arte, impulsando ao mesmo tempo o seu labor social, o apoio á creación artística e o establecemento de redes creativas e colaborativas máis amplas.

Ambas as institucións contribúen á construción dun marco conceptual que favoreza a interpretación das realidades e das dinámicas contemporáneas, abrindo novas vías de lectura e achegamento ao contexto máis próximo.

## Programa de Residencias Artísticas

A Universidade da Coruña e o Centro de arte Fundación María José Jove poñen en marcha a VI Convocatoria do Programa de Residencias Artísticas en colaboración co Espazo de Intervención Cultural Normal. O seu obxectivo principal é profundar nas relacións entre a creación artística, o pensamento crítico e a participación social. Convócanse dúas residencias para as que se lles proporcionará ás persoas artistas acceso a un espazo de traballo, acompañamento curatorial e recursos materiais e económicos para a produción de proxectos inéditos.

## Obxectivos da convocatoria

- Promover a investigación, creación e produción artística.
- Contribuír a fortalecer o contexto cultural galego, fomentando proxectos creativos de interese social vinculados á comunidade.
- Construír contornas favorables para o desenvolvemento do pensamento crítico e a arte, asociados a aspectos como a identidade patrimonial, a ecoloxía ou o medio ambiente.
- Contribuír á interpretación de problemáticas contemporáneas nas súas dimensións sociais, culturais e territoriais.
- Facilitar un achegamento horizontal a novos modos de inserción e lectura da contorna, con énfase na paisaxe natural e rural contemporáneas.
- Fomentar valores de protección e difusión do patrimonio natural e cultural de Galicia a través da arte contemporánea. Promover a investigación, creación e produción artística.

## Persoas beneficiarias

Poderán concorrer á presente convocatoria persoas creadoras de calquera nacionalidade ou procedencia xeográfica vinculadas ás artes visuais. As solicitudes serán individuais; non se admitirán solicitudes de grupos ou colectivos.

## Recursos

Normal e o Centro de Arte Fundación María José Jove ofrecerán os seguintes recursos ás persoas residentes seleccionadas mediante esta convocatoria:

1. Espazo de traballo: Os/as residentes contarán cun espazo de traballo individual en Normal. Ademais, poderán acceder ás súas instalacións segundo as necesidades do proxecto.
2. Aloxamento na residencia universitaria Elvira Bao (A Coruña), suxeito a dispoñibilidade. Consúltese: [www.udc.es/es/sape/aloxamento/](http://www.udc.es/es/sape/aloxamento/)
3. Acompañamento curatorial durante o desenvolvemento do proxecto.
4. Presentación de proxecto e difusión.

## Dotación económica

- Asignarase unha dotación de 3.000 euros en concepto de honorarios (cantidade suxeita á retención fiscal vixente). Esta cantidade pagarase antes do comezo da residencia.
- Asignarase unha dotación económica de ata 3.000 euros en concepto de produción e viaxe, suxeitos a xustificación, que será aboada en dous prazos: un primeiro pagamento de 1.500 euros na primeira parte da residencia, e un segundo pagamento de 1.500 euros durante a segunda parte.
- A Universidade da Coruña, para o financiamento desta convocatoria, establece unha dotación económica de ata 6.000 euros con cargo á partida orzamentaria 1706241057 321A 48501 do presente exercicio, desagregados nos conceptos previamente recollidos.
- Ademais, cubrirase a estadía das persoas artistas seleccionadas na Residencia Universitaria Elvira Bao.

## Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será do 27 de marzo ao 19 de xuño de 2026. A inscrición realizarase a través do correo electrónico: [normal.comunicacion@udc.gal](mailto:normal.comunicacion@udc.gal) anexando a documentación requirida.

## Duración y prazo de execución

As residencias terán unha duración mínima dun mes, que poderá prorrogarse ata un máximo de tres meses se así o solicítasen as persoas residentes. As residencias deberán realizarse dentro do terceiro cuadrimestre de 2026.

## Documentación a presentar

- Formulario de inscrición debidamente cuberto.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte (.jpg, .pdf).
- Síntese do proxecto (máximo 3.500 caracteres, espazos incluídos), especificando obxectivos, liñas de investigación, metodoloxía e plan de actuación.
  - Currículum vitae (máximo 2.500 caracteres, espazos incluídos).
  - Carta de motivación en que se xustifique o interese no proxecto (máximo 2.500 caracteres, espazos incluídos).

## Comité de selección

As propostas serán avaliadas por unha comisión de avaliación. Valoraranse os proxectos segundo:

- Orixinalidade e innovación.
- Coherencia cos obxectivos da convocatoria.
- Capacidade para xerar redes de colaboración multidisciplinar.
- Viabilidade material e técnica do proxecto.

A Comisión de Avaliación poderá declarar deserta a convocatoria se considera que ningunha proposta reúne os méritos esixidos.

## Comité de selección

### Juan Canela

Comisario e crítico de arte, actualmente comisario xefe do Museo de Arte Contemporánea de Panamá (MAC Panamá) e membro do Comité Asesor do Instituto Cader do Museo Reina Sofía. Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e formado en comisariado de novos medios en Barcelona, a súa traxectoria institucional inclúe a dirección artística de Zona MACO en México (2020-2023), onde previamente foi comisario da sección Zona MACO Sur, e a curaduría asociada do Centro de Residencias Artísticas de Matadero Madrid (2020-2021).

Destacou como Research and Symposium Associate da osloBIENNALEN (2019-2024) e cofundador da plataforma BAR project en Barcelona. A súa experiencia en comités de selección e programas internacionais é extensa, pois formou parte do comité de HANGAR Barcelona (2016-2019), do comité curatorial de Present Future en Artissima Turín (2018-2019) e do programa Opening en ARCOmadrid (2016-2017).

Entre os seus proxectos curatoriais atópanse a sección Proxectos de ARTBO 2024, a co-curadoría da 23ª Bienal de Arte Paiz en Guatemala (2023) ou o programa Composicións para o Gallery Weekend Barcelona (2019). Desenvolveu proxectos para institucións de referencia como o Palais de Tokyo en París, Tabakalera en San Sebastián, CA2M en Madrid, Fundación Cerezales, Fundación Tàpies, MUHKA en Anveres, CRAC Alsace e a Fundació Miró. No ámbito teórico, é coautor do libro *Desde lo curatorial. Conversaciones, experiencias y afectos* (Editorial Consonni, 2020) xunto a Ángel Calvo Ulloa, e colabora habitualmente con medios especializados como *A\*Desk*, *Terremoto Magazine*, *Art-Agenda*, *Babelia* e *Mousse Magazine*. O seu labor docente e investigador levouno a impartir conferencias en centros como o Instituto Di Tella en Bos Aires, De Appel en Ámsterdam, Flora Bogotá e La Casa Encendida.

## **Susana González Martínez**

Comisaria, xestora cultural e investigadora. Licenciada en Belas Artes pola Universidade do País Vasco e Diploma de Estudos Avanzados en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desde 2019 dirixe a Colección de Arte da Fundación María José Jove (FMJJ) e actualmente é directora do Centro de Arte FMJJ. É fundadora de Consultarte, unha consultora de xestión cultural que desenvolve programas no ámbito institucional, tanto público como privado. Entre 2017 e 2022 foi codirectora do programa de residencias artísticas Charco, un proxecto de investigación e transversalidade creativa entre Latinoamérica e Europa.

Ten organizado e comisariado numerosas exposicións e publicacións, e participado en conferencias, xurados e mentorías. É autora de textos e ensaios críticos en diversas publicacións. O seu enfoque curatorial céntrase en investigacións artísticas de carácter histórico-social e identitario, abordadas desde perspectivas interdisciplinares.

Desenvolveu proxectos curatoriais en institucións como o CGAC (Santiago de Compostela), MUSAC (León), Fundación Cerezales Antonino y Cinia (León), MAZ (Guadalajara, México) ou o Espazo de Intervención Cultural NORMAL (A Coruña), entre outras.

## Marta Mestre

Curadora e investigadora de arte contemporánea leva traballo en institucións culturais, principalmente en Portugal e Brasil. É licenciada en Historia da Arte e en Cultura e Comunicación pola Universidade Nova de Lisboa (Portugal) e a Université d'Avignon (Francia). Actualmente é curadora no Museo de Arte Contemporánea/Centro Cultural de Belém de Lisboa.

Foi directora artística do Centro Internacional de Artes José de Guimarães/ClAJG, en Guimarães (2020-24), curadora no Instituto Inhotim (2016-17), curadora adxunta no Museo de Arte Moderna de Río de Janeiro (2010-16) e curadora invitada na Escola de Arte Parque Lage (2015), en Río de Janeiro, Brasil. Foi co-curadora, xunto con Ángel C. Ulloa, de «O Fantasma da Liberdade» / Anozero Bienal de Coimbra 2024. Escribe regularmente sobre o traballo de artistas para institucións e publicacións especializadas. É membro do CIMAM/ Comité Internacional de Museos e Colecciones de Arte Moderna. Foi membro externo do Consello Xeral da Universidade de Minho (2021-22). Como profesora convidada, colabora con varias universidades e é convidada regularmente a formar parte de comités de xurados de programas nacionais e internacionais de artes visuais e coleccións.

## Cristina Naya

Vicerreitora de Divulgación, Cultura e Deporte da Universidade da Coruña.

Licenciada e doutora en Matemáticas, é profesora contratada doutora da Área de Didáctica da Matemática do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación.

Imparte aulas no grao en Educación Primaria, no Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas e no Mestrado Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria.

Realiza varias iniciativas de aprendizaxe e servizo como actividades de innovación docente, coordina o GID Innovación en Educación Matemática e participou en programas Erasmus (STA).

É membro do grupo de investigación Innovación no ensino das Ciencias e das Matemáticas, as súas liñas de investigación céntranse na formación docente, no ensino e na aprendizaxe das matemáticas e na actitude cara a elas.

Participa e organiza diversas e diferentes actividades de divulgación e cultura.

## Resolución e publicación de resultados

A resolución será comunicada a finais de xullo de 2026. Todos os resultados se publicarán nas páxinas webs e redes sociais das institucións convocantes.

## Obrigas das personas beneficiarias

- Realizar a actividade no prazo e condicións establecidas.
- Aceptar e cumprir as accións de seguimento de Normal e do Centro de Arte FMJJ.
- Presentar unha memoria final do traballo.
- Participar nas actividades de difusión do proxecto.
- Facer constar en todo material de difusión relativo ao proxecto desenvolvido e obras resultantes, a participación no Programa de Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ e a UDC.

## Pagamento e xustificación dos proxectos

A dotación económica aboarase en dous prazos:

- Un primeiro pagamento antes do inicio da residencia. (3.000 + 1.500 euros.)
- Un segundo pagamento ao finalizar e coa xustificación dos gastos correspondente. (1.500 euros.)

## Protección de datos

1. En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña(UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal>, no apartado Outros trámites.

b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

# Centro de Arte FMJJ

Centro de Arte  
Fundación María José Jove

NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Formulario  
de inscripción

Formulario  
de inscripción

# Residencias Artísticas Centro de Arte FMJJ / UDC

Nombre / Nome

Apellidos / Apelidos

Dirección / Enderezo

  

E-mail

Tlf.

DNI